



Os catro xogadores ou xogadoras respetarán en todo momento a orde de forza entregado na inscrición, sendo este válido durante toda a competición, incluso entre fases. Esta orde de forza consiste nunha lista numerada e ordenada de xogadores e xogadoras e indica en que taboleiro se sentará cada un ou cada unha fronte aos seus rivais.

A orde de forza non debe alterarse en ningún momento, dado que ante calquera incidencia están previstos un mínimo de dous suplentes. Non se admitirá ningún retraso nin aprazamento por non estar presentes na sala de xogo no momento de presentarse a incidencia que motive a súa intervención.

## 8.- INSCRICIÓN:

### COTA:

| Campionato                       | Cota/Equipo |
|----------------------------------|-------------|
| Copa Galicia, categoría absoluta | 20 €        |

### LUGAR E PRAZO:

Participación limitada a 35 equipos.

A través dos clubs na Federación Galega de Xadrez **enviando, obrigatoriamente, o anexo 1 correctamente cumplimentado ao e-mail: [fegaxa@fegaxa.org](mailto:fegaxa@fegaxa.org)** presentando a orde de forza definitiva de cada equipo (en formato excell ou Libre Office) e indicando a prioridade de participación.

Ata o día **22 de Maio de 2023 (incluído)**. Non se admitirán inscricións pasada esa data.

**Banco Sabadell IBAN: ES71 0081 2281 9100 0112 0013**

Prioridade de inscrición:


- Primer equipo de cada club inscrito.
- As prazas vacantes cubriranse cós seguintes equipos (según a prioridade notificada) daqueles clubs que tiñan máis equipos federados na tempada 2022.

## 9.- PREMIOS:

| Posto |        |        |
|-------|--------|--------|
| 1º    | 200 €* | Trofeo |
| 2º    | 150 €* | Trofeo |
| 3º    | 100 €* | Trofeo |
| 4º    | 100 €* | Trofeo |
| 5º    | 100 €* | Trofeo |

(\*) A estas cantidades aprícaranse as retencións legais.

Vigo, a 09 de Maio de 2023.



Federación Galega de Xadrez

## CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

**Aceptación:** os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do campionato á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación, **retransmisións** ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

**Cesión de dereitos de imaxe:** A inscrición a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de:

Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os vídeos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.

